




PLAN ANUAL DE LECTURA E PLAN DE BIBLIOTECA 2023-2024

CEIP Juana de Vega



Bibliotecas
escolares
de Galicia



ÍNDICE DE CONTIDO

1. Fundamentación.....	1
2. Obxectivos e actuacións (Plan de biblioteca):.....	3
2.1. En relación coa organización e xestión.....	3
2.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca.....	4
2.3. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro (actual Plan de Lectura).....	5
2.4. Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas.....	6
2.5. Obxectivos por ciclo.....	6
3. Liñas xerais do Proxecto Documental Integrado (PDI).....	7
3.1. O título.....	7
3.2. A idea.....	7
3.3. Obxectivos xerais. Que pretendemos co PDI?.....	8
3.4. Accións programadas.....	8
4. Organización de espazos e tempos para a lectura.....	11
5. Recursos humanos e materiais.....	14
5.1. Recursos humanos.....	14
5.2. Recursos materiais.....	15
6. Rutinas de lectura.....	15
7. Itinerarios lectores.....	16
8. Implicación das familias.....	16
9. Avaliación.....	16

1. Fundamentación:

O **Plan Anual de Lectura** constitúe unha **concreción anual** do **Proxecto Lector de Centro (actual Plan de Lectura)** en función das necesidades detectadas e os programas e propostas a abranguer no presente curso e recollerá as **liñas prioritarias de actuación** no tocante ao ámbito lectoescritor e moi significativamente no relativo á **biblioteca** de centro. Ao abeiro das instrucións publicadas que modifican sensiblemente os documentos relacionados coa biblioteca escolar damos conta do seguinte:

O, ata agora, Proxecto Lector pasa a denominarse Plan de Lectura, este concréstase para cada curso no Plan Anual de Lectura e, ademáis, engádese un novo documento que leva por título Plan de Biblioteca e que ten por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe a través de distintas canles así coma a conformación desta coma laboratorio creativo. Este Plan de Biblioteca Anual deberá incluírse, segundo as instrucións, no Proxecto Educativo mais os puntos que o constitúen serán tamén incluídos neste Plan Anual de Lectura para dar conta dos mesmos na Programación Xeral Anual (PXA) do centro.

Os estudos e avaliacións previas desenvolvidas polo claustro en xeral, e polo equipo de biblioteca en particular, mostran diversos aspectos que servirán como base no desenvolvemento deste documento.

A evolución nas prácticas lectoras e escritoras do alumnado do CEIP Juana de Vega continúa cunha tendencia, en xeral, **positiva**.

En base aos logros e dificultades que se veñen detectando, ás enquisas, ao tratamento de datos obxectivos e ás suxerencias aportadas polo claustro así como atendendo especialmente á situación actual da biblioteca desenvólvese o presente documento de aplicación no curso **2023-2024**.

O claustro do profesorado do C.E.I.P. “Juana de Vega” aprobou en xuño de 2018 o vixente “Proxecto Lector de centro” (actualmente denominado Plan de Lectura) para comezar a ser aplicado no 2018-2019 e dispoñémonos a concretalo no presente Plan Anual de Lectura para o curso 2023/2024.

Análise do contexto:

O C.E.I.P. “Juana de Vega” comezou a funcionar no curso 2015/2016. Sito na parroquia de Nós, que é a terceira parroquia máis poboada de Oleiros, no entorno semiurbano da Coruña, ten unha densidade de poboación de 717 habitantes por quilómetro cadrado. É unha zona interior, caracterizada pola convivencia entre as urbanizacións de nova construción e un entorno rural. Desde a creación do centro formouse un equipo de biblioteca aínda que ao longo dos cursos presentou unha modificación de integrantes significativa. Neste curso 2023/2024 o centro mantén en funcionamento 6 unidades de infantil e 13 unidades de primaria. Na diagnose realizada para a confección do Proxecto Lector **destaca a afección pola lectura** do noso alumnado e das súas familias, aínda que contemplan a lectura maioritariamente como fonte de lecer, e non como medio de coñecemento. Unha ampla maioría é usuaria dalgunha das bibliotecas municipais, coa que tamén se asesoran para escoller lecturas. O coñecemento dos servizos que presta a biblioteca escolar era escaso, sobre todo entre as familias.

No ámbito máis estritamente académico, desde o D.O. aportáronse as seguintes observacións sobre a situación da lectura e a escritura no centro:

Dificultades na fluidez e na velocidade lectora, en xeral así coma dificultades na comprensión e razoamento lector.

Na escrita, aumentan as dificultades na organización das ideas, falta de vocabulario, e falta de nexos de no discurso, tamén salientables faltas na ortografía.

Dificultades xeralizadas na expresión oral especialmente na competencia lingüística en Lingua Galega.

Neste curso 2023 – 2024, escoitadas as ideas e intereses do claustro, tras unha recepción de propostas, exposición e votación anónima xurde, coma tema central do Proxecto Documental Integrado (PDI) “Ondiñas veñen” un proxecto no cal afondar nas distintas perspectivas das ondas, a cultura do mar, auga, medio ambiente, etc. a través das actividades e tarefas e como motivador da coordinación entre os distintos niveis, ámbitos e equipos. (véxase punto 3)

2. Obxectivos e actuacións:

O Plan Anual de Lectura, sendo unha concreción do Plan de Lectura (anterior Proxecto Lector de Centro), continúa a abranguer moi distintos ámbitos, a continuación enuméranse os obxectivos propostos para o presente curso relativos a diversos aspectos. Concretaremos neste punto obxectivos e actuacións organizados polo Plan de Biblioteca. Sinalaremos tamén uns obxectivos xerais por ciclos.

2.1. En relación coa organización e xestión:

- Continuar coa renovación, ordenación, expurgo e catalogación efectiva.
- Acadar un horario de dedicación exclusiva do equipo equilibrado dacordo coas tarefas que lle son atribuídas (Instrucións PLAMBE).
- Procurar, con ese horario, a apertura cun/ha responsable a cargo na xornada lectiva (instrucións PLAMBE)
- Manter o orzamento específico derivado dos fondos de funcionamento do centro (10%) (ademais da asignación de PLAMBE) (Instrucións PLAMBE)
- Manter/ampliar o equipo con membros de todos os ciclos e con **horario** que facilite a realización das tarefas. (Horario coordinación Radio na biblio, horario coordinación Biblioteca Creativa...)
- Realizar unha distribución de **roles** e tarefas esenciais entre as persoas do equipo (fondos, dixital, creativa, radio, propostas, adquisicións...)
- Manter e facilitar as reunións do equipo.
- Crear o Plan Anual de Lectura 23-24
- Manter a colaboración co EDLG e EACE ou outros equipos dinamizadores.
- Continuar a formación no eido da biblioteca das persoas integrantes do equipo.
- Continuar a formación de axudantes e usuarias.
- Continuar a apertura nos tempos de lecer e o préstamo de xogos de mesa ao exterior (mesas do cuberto próximo á entrada da biblioteca)

2.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca.

- Promocionar o uso da biblioteca e radio por parte das titorías e aulas con distinto fin.
- Promover a incorporación de novas accións educativas (obradoiros de poesía oral, escritura creativa, xuntanzas de detectives, deseño...)
- Colaborar no preciso para o deseño do traballo por ámbitos ou liñas metodolóxicas acordadas incorporando as posibilidades da biblioteca escolar e os seus recursos.
- Manter o proxecto Radio na Biblio cun crecente número de profesorado implicado. (Pendente coordinación e asignación horaria)
- Promover o proxecto Biblioteca Creativa. (Pendente asignación horaria coordinación)
- Continuar a publicación de boletíns, colaboración na revista e divulgación no blogue e redes.
- Solicitar as mochilas viaxeiras que faltan para ter unha por aula.
- Expandir a dinamizacións de xogos de mesa e taboleiro no tempo de lecer tamén na aula exterior.
- Continuar coas exposicións temporais de fondos (relativas ao PDI, conmemoracións, proxectos...)
- Continuar e reforzar a formación do alumnado voluntario cun crecente nivel de responsabilidade e autonomía.
- Valorar a posibilidade de que o alumnado voluntario sexa tamén voluntario da Radio Cigurat ofertándolle formación previa.
- Visibilizar e dinamizar o uso de proxectos como "Radio na biblio" como facilitadores da inclusión e comunicación.

2.3. En relación con fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro (actual Plan de Lectura).

- Formar alumnado competente cun crecente hábito e interese lector con distinto propósito desde todas as áreas.
- Fomentar a incorporación paulatina de **accións educativas** coma por exemplo: obradoiros de poesía oral, mini-clubes de lectura, obradoiros de escritura creativa, obradoiros de regueifa, xuntanza de detectives (proxectos grupais de investigación).
- Reforzar o espírito multialfabetizador e transversal do Proxecto Documental Integrado potenciado a visión do mesmo coma centro do desenvolvemento de accións educativas de calidade desde calquera nivel, área ou ámbito.
- Promover a lectura e a escritura así como a expresión oral coma forma de comunicación, información, investigación, creación e lecer.
- Manter os encontros, entrevistas e debates.
- Manter a hora de ler e aportar novas propostas á mesma.
- Continuar coa mellora no enfoque dos PDI, seleccionados co compromiso do claustro para ser desenvolvidos desde todas as áreas ou ámbitos e niveis.
- Manter e incrementar accións coma certames, exposicións, retos, propostas de traballos de investigación, salas de fuga, etc.
- Promover o uso (organizado) de E-LBE2
- Manter as exposicións temporais de fondos relacionados co PDI ou con outros proxectos para facilitar o acceso aos mesmos e a divulgación dos fondos dispoñibles.
- Promover a participación da totalidade da comunidade educativa.
- Promover a uso integrado de distintas fontes e recursos multimedia.
- Promover unha actitude crítica, reflexiva e participativa no tocante ao tratamento da información.
- Levar a cabo unha labor divulgativa das boas prácticas no ámbito do Proxecto Lector de Centro (Plan de Lectura) a través de canais coma a web do centro, o

blogue de biblioteca e redes, radio, revista escolar, etc.

- Promover a creación de espazos, tempos e proxectos creativos e de tratamento da información vencellados á biblioteca tales coma radio, cinema, creación literaria, etc.

2.4. Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro.

- Reforzar proxectos audiovisuais vencellado á biblioteca escolar.
- Reforzar o *espazo maker* a impresión 3D e o proxecto biblioteca creativa con dinámicas, xogos.
- Reforzar o espírito de biblioteca coma laboratorio creativo de aprendizaxe incrementando a cantidade de propostas e materiais específicos creados (robótica, radio, deseño, teatro...)
- Manter o envío de propostas ás aulas vencelladas ao PDI ou outros intereses.
- Manter o recoñecemento final ao alumnado axudante de biblioteca.
- Promover a creación de obradoiros de pequeno grupo ou “desdobre” vencellados ao fomento da lectura e expresión oral e escrita en lingua galega.
- Manter a xornada de apertura e a decoración e exposición de fondos temática.
- Manter o formato de formulario aberto “A hora das propostas” para a proposta e selección anual do PDI por sistema de votación do claustro.

2.5. Obxectivos por ciclo:

Estos obxectivos serán os esenciais a abordar en cada nivel no relativo ao Plan de Lectura e veranse concretados en programacións de aula, actividades, etc. Son amplos na súa concepción e serán adaptados ás necesidades individuais das aulas, grupos e alumnado.

Educación Infantil:

Crear un ambiente axeitado, rico en estímulos que convide e axude a descubrir o gozo pola lectura, a escoita e a narración.

Programar actividades de prelectura e preescritura que vaian desenvolvendo os

factores implicados na maduración para este tipo de aprendizaxe.

1º e 2º de primaria:

Promover a exposición a distintas manifestacións literarias con distintos propósitos e en distintos soportes

Formentar un ambiente lúdico e creativo en torno á lectura e expresión.

3º e 4º de primaria:

Incrementar o nivel de autonomía á hora de seleccionar, ler, comprender, analizar.

Promover o desenvolvemento creativo en distintos soportes e con finalidades diversas (informar, atraer, entreter, ...)

5º e 6º de primaria:

Incrementar o nivel cualitativo no tratamento da información de todo tipo, a investigación e a creación en soporte impreso e dixital.

Afondar na autonomía para a selección, comprensión e expresión literaria e creativa.

3. Liñas xerais do Proxecto Documental Integrado (PDI) 2023-2024:

3.1. O título:

Escoitado o claustro, as súas propostas e tras unha votación anónima escóllese coma título do noso PDI 2023-2024 **“Ondiñas veñen”**

3.2. A idea:

“Ondiñas veñen” nace coma alicerce e fonte inspiradora para o afondamento no traballo a redor das ondas en xeral e da cultura de mar e as suas vertentes en particular. Xurde sabéndose a escola coma principal axente socializador e a partir dun interese xeralizado pola temática, tendo en conta tamén os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) e a Axenda 20-30.

Intégrase cun enfoque multidisciplinar e considerando o mar, as augas, as costas, etc. fonte inesgotable de aprendizaxes e curiosidade relacionados con calquera ámbito desde o científico ou matemático ao lingüístico ou artístico, recoñecendo tamén a cultura de mar coma esencial e raíz do noso pobo e promovendo actitudes

críticas, creativas e activas no alumnado.

O proxecto contará cun esquema inicial e un sementeiro de ideas configurado nos primeiros días do curso, aprobado e posto a disposición da comunidade educativa de xeito que toda esta poida enfocar as súas accións docentes dacordo co mesmo. (dispoñible [AQUÍ](#))

3.3. Os obxectivos xerais. Que pretendemos co PDI?

- Fomentar o traballo común e metodoloxías activas en todas as aulas.
- Estimular o desenvolvemento das competencias clave.
- Promover o uso da biblioteca escolar coma centro neuráxico da escola e coma fonte de recursos, información, dinámicas, etc.
- Facer partícipe do PDI a toda a comunidade educativa.
- Ter un proxecto común de centro que sexa quen de motivar, ilusionar e emocionarnos así coma abrir novos horizontes de coñecemento, disfrute e actuación.
- Promover o coñecemento sobre as augas, os mares as ondas e a súa cultura cun enfoque multidisciplinar e transversal.
- Promover o coñecemento e recoñecemento sobre a cultura de mar (traballos, artes, lendas, historia...) do pobo e o seu valor coma raíz, identidade e tradición e o noso valor ao formar parte activa disto. (*“ensinar tradición non é adorar as cinzas é preservar e traspasar o lume”*)
- Promover unha ensinanza de calidade dacordo non só coa lexislación senón tamén coas demandas da sociedade en xeral e da comunidade educativa en particular promovendo un ensino inclusivo e coeducativo con especial atención ao respecto á diversidade contribuíndo así á construción dunha sociedade máis xusta e libre de estereotipos.

3.4. Accións programadas:

A continuación realízase unha listaxe de accións iniciais a realizar que se desenvolverán a través da lectura, escritura, expresión, investigación, radio, etc. Esta listaxe será adaptable e modificable dacordo coa evolución do PDI, constitúe tan só unha liña inicial, unha visión sinxela e xeral de accións a desenvolver.

- **Calendario inicial:**
 - **Setembro:**
 - Reparto de responsabilidades/roles no equipo de biblioteca.
 - Reparto de conmemoracións de preferente atención.
 - Ordenación de fondos.
 - Inclusión de novos usuarios e docentes no MEIGA.
 - Creación do Plan Anual de Lectura e Plan de Biblioteca
 - Preparación das mochilas viaxeiras.(Pendente da chegada das novas mochilas que faltan)
 - Distribución do documento de ideas e propostas e organización do PDI para todo o claustro. (dispoñible [AQUÍ](#))
 - Descubrindo o título do PDI: Instalación artística, fondos e pistas para o descubrimento do título do PDI “Ondiñas veñen”
 - **Outubro:**
 - Creación do horario de acceso á biblioteca por aula
 - Difusión da guía para o empréstito.
 - Selección de lecturas e propostas sobre o Samaín, ambientación da biblioteca (+EDLG e EACE)
 - Organización das xornadas de apertura (Día/Semana das bibliotecas)
 - Produto PDI Samaín: Historias á deriva
 - Inicio do préstamo
 - **Novembro:**
 - Adquisición de exemplares relacionados co PDI e cos itinerarios e outros intereses.
 - Seguemento PDI
 - Seguemento/ Dinamización/ coordinación Radio na biblio/ Biblioteca Creativa (pendentes coordinacións e asignación horaria)

- Día da eliminación da violencia contra as mulleres (Posible colaboración co equipo de convivencia para propostas para as aulas/ciclos, vencellado ao PDI)
- **Decembro:**
 - Recomendacións e novidades literarias.
 - Organización e difusión da forma de xestión para as mochilas viaxeiras.
 - Festa do inverno (colaboración con outros equipos)
 - Seguemento dos itinerarios lectores.
- **Xaneiro:**
 - Seguemento do plan e modificacións.
 - Recordatorio PDI 2º trimestre.
 - Seguemento/ Dinamización/ coordinación Radio na biblio/ Biblioteca Creativa (pendentes coordinacións e asignación horaria)
- **Febreiro:**
 - Seguemento do plan e modificacións.
 - Dinamización/ coordinación Radio na biblio/ Biblioteca Creativa
 - Propostas ás aulas sobre Rosalía de Castro vencelladas ao PDI. "Abride a fiestra que quero ver o mar"
 - Colaboración co Entroido. "Entroido nas ondas"
- **Marzo:**
 - Seguemento do plan e modificacións.
 - Posible colaboración co Día da Muller (integrado no PDI "mulleres piratas"- Catuxa Salom)
- **Abril:**
 - Seguemento do PDI nas aulas/ámbitos
 - Convocatoria do certame literario (Día do Libro)

- **Maio:**
 - Seguemento do plan e modificacións.
 - Mes das letras. Creación, dinamización, divulgación de propostas. (EDLG/ EACE)
 - Feira mariñeira (Celebración de todo o centro, obradoiros ligados ao PDI co alumnado de 5º e 6º coma responsables dos obradoiros tras recibir a formación previa)
 - Resolución certame literario.
- **Xuño:**
 - Seguemento do plan e modificacións, peche do PDI.
 - Recollida de todos os préstamos.
 - Proposta de melloras e liñas de atención prioritaria
 - Memoria
 - Colaboración na festa final “Ondiñas veñen...e van”

4. Organización de espazos e tempos para a lectura:

- **Espazos**

- **A biblioteca**

- Distribución ordenada dunha parte significativa dos fondos por niveis co maior grado posible de acesibilidade para todo tipo de alumnado.
- Centralización dos empréstitos e devolucións.
- Uso de parte dos espazo para o entorno “fedelleiro” (proxectos, xogos de mesa, biblioteca creativa...)
- Distribución de horario de acceso á biblioteca por aula.

- **As aulas**

O espazo lector da aula facilita un seguimento máis efectivo da competencia lectora, ademáis promoverá accións como lectura grupal, exposición, expresión (oral e escrita) creativa, radio teatro, regueifa, etc.

Na aula favorecerase:

- A lectura individual, a lectura en voz alta, a lectura compartida.
- A análise documental en distinto soporte.
- O pensamento crítico en relación as distintas manifestacións escritas e visuais/auditivas.
- A creación e expresión.

○ **O espazo de radio:**

Desde o curso pasado contamos cun espazo específico para o laboratorio de radio. O seu uso promóvese e organízase cun *estadillo** mensual de reserva do espazo.

Facilítase o acceso ao laboratorio de radio con guías de uso, estadillo de reserva do espazo, dinamización de accións conxuntas radiofónicas, etc.

Actualmente a radio conta con distintos programas aos que se van engadindo episodios nas distintas tempadas (O Falar da Xente, Coidarte, Científicamente...) Cómpre salientar que o curso pasado o traballo de radio acadou un premio no certame de Podcasts Radio Na Biblio polo seu traballo radiofónico sobre as Letras Galegas con asignación económica para o centro e posibilidade dunha visita didáctica á CRTVG e é mester continuar co traballo neste eido por ter demostrado ser un espazo e experiencia de ensinanza-aprendizaxe enriquecedora e de calidade para o alumnado.

○ **O espazo “virtual”:**

Facilitarase o acceso á información e divulgaranse accións de biblioteca a través do blogue que se integra na web do centro e outras canles de comunicación directa como mensaxería Abalar de ser necesario, aulas virtuais, e redes instantáneas como Instagram (sempre respectando a Lei Orgánica de Protección de Datos)

Fomentarase o deseño de accións e experiencias educativas relacionadas coa pescuda, pensamento crítico, análise e creación a través das Tecnoloxía da Información e Comunicación (TIC).

Estudarase o uso da plataforma E-LBE2 dun xeito organizado iniciando nos

niveis de terceiro ciclo e no profesorado.

- **A casa:**

A escola e a casa retroaliméntanse na creación de ambientes lectores. Procurarase sempre a creación e mantemento do vínculo emocional entre a escola e a familia a través da biblioteca e a lectura cos intercambios, préstamos, retos, mochilas viaxeiras (pendente de recepción de 10 mochilas para re-iniciar a dinámica), podcasts de radio, etc. Mantendo e incrementando este vínculo especialmente nos supostos de semipresencialidade ou non presencialidade.

- **Outros espazos:**

A nosa “biblioteca distribuída” contempla espazos variados e enriquecedores de funcionalidade diversa atendendo tamén ao uso de exteriores (aulas exteriores, mesas de recreo, Finca Tenreiro...). Ademais prográmase a visibilización de fondos e novidades en espazos de tránsito coma corredores ou áreas de agarda.

- **Tempos**

- **Hora de ler:**

Todo o alumnado dispón, nos seus horarios de, polo menos, 20-30 minutos diarios adicados á “Hora de ler”, velarase porque estes momentos, supervisados por mestres/as de sesións contiguas, sexan de crecente calidade mediante:

- Creación da biblioteca de aula con préstamos á mesma de fondos atractivos, relacionados co PDI, de distinta tipoloxía e soporte.
- Deseño de itinerarios lectores atractivos, vencellados ao PDI, aos intereses do alumnado e con posibilidade de encontros con autores/as, etc.
- Inclusión o promoción de accións educativas relacionadas coa lectura e a biblioteca coma laboratorio creativo de aprendizaxes (radio, booktrailers, cinema na escola...)
- Definición de obxectivos claros e posta en práctica de accións

encamiñadas ao seu acadamento (lectura individual, compartida, iniciación á investigación, creación, etc)

○ **Tempo de lecer:**

Os recreos, onde se poder ler individualmente ou compartir lecturas. Deben ser momentos supervisados nos que se garanta a tranquilidade e o pracer de ler e compartir, ademáis coa recuperación do acceso á biblioteca neste tempo procurárase a dinamización de obradoiros e exposicións para este tempo (xogos de mesa, origami, recitais...)

○ **Lectura nas sesións ordinarias:**

Pártese da idea de que a lectura debe estar presente en todas as áreas. Para iso acordamos seguir as pautas marcadas no noso Proxecto Lector (Plan de Lectura).

5. Recursos humanos e materiais:

O desenvolvemento dun Plan Anual de lectura require da posta a disposición de distintos recursos tales como:

5.1. Recursos humanos:

- **Equipo de biblioteca** estable con profesorado diverso e comprometido co espírito e os obxectivos do plan, coordinado polo/a responsable do equipo.
- **Claustro:** é indispensable a implicación da totalidade do claustro para unha acción coordinada e exitosa.
- Equipo de **alumnos/as colaboradores**, voluntarios/as da biblioteca escolar que participen da súa xestión e dinamización. Promoverase a creación de grupos de voluntarios coma funcionaron no curso 2022-2023 con tarefas como: distribución ordenación de andeis, ambientacións, recomendacións de lectura a outros grupos, xestión de empréstitos no tempo de lecer, etc.
- **O alumnado en xeral:** principal axente que executa e recibe o acto lector e protagonista de todas as propostas. Os/as que, como contacontos e/ou dramatizando textos, achegan os libros aos demais compañeiros/as, participan divulgan e crean empregando os recursos lectores e de biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxes.

- **Familias e comunidade educativa:** O centro procurará vincular e atraer a toda a comunidade educativa en prol do funcionamento do Plan de Lectura con distintas accións e actividades tales coma “mochilas viaxeiras”, “maratóns de lectura”, “contos na lareira”, etc.

5.2. Recursos materiais:

- **Recursos xa presentes:**

O material curricular do alumnado, máis de tres mil exemplares físicos rexistrados nos fondos da biblioteca do centro, mesa de luz, iPad, auriculares, cámara, 5 Escornabots/Beebot, makey-makey, plantillas, xogos de mesa e materiais manipulables, gravadora de audio dixital, material e equipamento de radio, micrófono de solapa para tablet/pc, máquina de crachás e materiais, proxector, ordenador portátil para radio, ordenador portátil, estabilizador, croma, etiquetadora, impresora 3D, micrófonos e altofalantes (representacións teatrais, regueifa, actuacións, etc)

- **Recursos de paulatina incorporación:**

- Exemplares relativos ao Proxecto Documental Integrado do curso.
- Estación de construción (LEGO/ compatibles)
- Recursos para dinamización da biblioteca creativa.
- Material funxible para uso do alumnado
- Recursos informáticos para o desenvolvemento dos proxectos vencellados ao Proxecto Lector e á biblioteca:
 - Trípode
 - Tablets/Pcs (Investigación, creación, tratamento da información, realidade aumentada, dixitalización, gravación...)
 - Rede sen fíos aberta na biblioteca escolar.

6. Rutinas de lectura

Ademáis dos programas, proxectos, eventos e actividades establécense unhas actividades a sistematizar, unhas rutinas que faciliten o desenvolvemento de lectores/as competentes:

Préstamo e devolución de exemplares, hora de ler, contacontos e representacións, escritura creativa, investigación, radio, cinema e prensa; laboratorio creativo, espazo/tempo fedelleiro, lecturas interniveis, encontros con/ entrevistas a autores/as, debates, mini-clubes de lectura, lectura individual, lectura compartida, maratóns de lectura, lecturas en familia, crítica e/ou recomendacións literarias, anuncio de novidades, propostas didácticas ás aulas.

7. Itinerarios lectores

Cada titor/a ou mestre/a de ámbito, co asesoramento dos membros do equipo de biblioteca responsable do itinerario, creará o itinerario lector do curso tendo en conta os seguintes aspectos:

Nivel e intereses do alumnado.

Proxecto Documental Integrado.

Uso da lingua

Posibilidade de obradoiros/encontros/entrevistas/contacontos relacionados.

8. Implicación das familias:

Favorecerase a implicación das familias tanto desde os seus fogares en prol do hábito lector do alumnado coma coa asistencia ao centro puidendo promover actividades coma os maratóns de lectura, mochilas viaxeiras, as visitas, encontros e entrevistas e eventos puntuais.

Ademáis promoverase a publicación de axudas e materiais para información e uso das familias (tríptico de novidades e recomendacións literarias...)

9. Avaliación

A pretensión da biblioteca do CEIP Juana de Vega é considerar a nosa biblioteca como recurso dinámico útil para calquera actividade de ensino-aprendizaxe, de lecer e de cultura e información.

Será o grao de consecución de obxectivos o que determine a avaliación do plan, empregaranse indicadores como:

- Nivel de participación nas propostas.

- Nivel de satisfacción suscitado.
- Nivel de visibilidade acadado.
- Impacto xeral das accións educativas desenvoltas.
- Resultados de enquisas ou cuestionarios a docentes e alumnado
- Nivel de interacción e publicación no blogue e redes da biblioteca.
- Propostas e suxerencias do equipo de axudantes da biblioteca.
- Observación reflectidas nas comisións, reunións, claustros e memorias.

Esta avaliación permitirá revisión e modificación dos distintos obxectivos e propostas en función das necesidades e tamén axudará á incorporación do Proxecto Lector (Plan de Lectura) e Plan Anual de Lectura nas distintas programacións.

Os procedementos e instrumentos son variados tales coma:

- Rexistro do nivel (calidade e cantidade) de participación nas propostas.
- Entrevistas informais (a alumnado e equipo docente)
- Observación e rexistro da actividade da biblioteca escolar.
- Enquisas a profesorado/alumnado/familias.
- Análise dos documentos internos do centro e da biblioteca (observacións realizadas (vencelladas ao Plan Anual de Lectura e de Biblioteca) nas reunións de equipos, ciclos, claustro, consello escolar e nas memorias dos mesmos.)
- Análise dos produtos realizados á calor da biblioteca polo alumnado e polo equipo docente.
- Valoración do nivel de impacto do traballo na dinámica escolar e as posibilidades de transferencia ao contexto social xeral.